

SIRI HUSTVEDT

O verán sen homes

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

Pouco tempo despois de que el dixese a palabra «pausa», toleei e fun directa para o hospital. Non dixo «Non quero volver verte máis» ou «Acabouse», pero tras trinta anos de casados, esa «pausa» abondou para me converter nunha lunática coa cabeza a piques de estourar, coas matinacións a rebotar e a bater entre si coma flocos de millo que choutan na bolsa dentro do microondas. Conci-bín esta lamentable observación namentres xacía na miña cama do Pavillón Sur, tan saturada de antipsicóticos Haldol que apenas me daba movido. As repulsivas e compasadas voces foran esmorecendo, mais non desaparece-ran de vez, e cando pechaba os ollos vía personaxes de debuxos animados que avanzaban á carreira por cuñas rosas para deseguido desaparecer entre bosques azuis. Ao cabo, o doutor P. diagnosticoume un Trastorno Psicótico Transitorio, coñecido tamén como Psicose Reactiva Tran-sitoria, o cal significa que a tolemia é real, por máis que temporal. No caso de que o trastorno dure máis dun mes, cómpre buscarlle unha nova etiqueta. Seica existe un ali-ciente –na xerga psiquiátrica, un «factor de estrés»– que dispara ese tipo de psicoses. No meu caso desencadeouna Boris, ou máis ben a falla de Boris, quen quixera facer a súa pausa. Encerráronme por espazo dunha semana e media e a continuación deixáronme marchar. Mantiven o status de paciente externa durante algún tempo, antes de

dar coa doutora S., coa súa voz avelañña e melodiosa, co seu lene sorriso e o seu bo oído para a poesía. Ela deume azos; de feito, segue a darmos.

Non quero acordarme da muller desequilibrada. Sinto vergoña. Ao longo dunha chea de tempo fun reticente a mirar sequera o que aquela muller escribira nun caderno branco e negro na súa estada hospitalaria. Sabía que na tapa esborrachara un título escrito cunha letra ben distinta á miña: *Cavacas cerebrais*, pero negábame a abri-lo. Púñame medo, a verdade sexa dita. Cando Daisy, a miña filla Daisy, viña de visita, eu percibía ás claras que trataba de disimular a súa incomodidade. Non sei exactamente que é o que vía en min, aínda que podo imaxinalo: unha muller murcha porque apenas comía nada, que seguía confusa, co corpo entalado por tanta medicación, unha persoa que non lograba responderlle ao xeito e que era incapaz de abrazar a súa propia filla. Despois, cando marchaba, escoitaba que, entre arquexos e saloucos, lle dicía á enfermeira: «É coma se non fose a miña nai». Eu daquela estaba desnortada, e traer agora ao acordo esa frase súa provócame unha dor insoportable. Non mo perdo.

A Pausa era francesa e o seu cabelo, acastañado e brillante, aínda que algo debilitado. Os seus peitos, xenerosos e naturais, sen operar; levaba lentes rectangulares e estreitas e posuía unha mente prodixiosa. Era nova, por su-

